



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

FAI SABER:

Que se publicou no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)*, a resolución da **Presidencia da Xunta de Galicia** pola que se convocan as axudas económicas, destinadas á execución de diversas actuacións de mellora das infraestruturas de telecomunicacións para a recepción e decodificación dos sinais de televisión dixital de alta definición en vivendas unifamiliares da Comunidade Autónoma de Galicia.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

As subvencións destinaranse a cubrir investimentos para o **receptor Sat-TDT** que se realicen en T-fogares (**vivendas unifamiliares** non suxeitas a réxime de propiedade horizontal) situados en zonas en risco de exclusión dixital, para asegurar a correcta recepción e decodificación, polo menos, dos sinais de Televisión dixital dos **servizos radiodifundidos en alta definición HD**.

Para que os investimentos sexan subvencionables deberán ser adquiridos a través dunha empresa instaladora de telecomunicacións T-instalador.

PRAZO DE SOLICITUDES

Desde o 16-02-2024 ao 31-05-2024.

Esta subvención é en réxime de concorrencia non competitiva, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

CONTÍA DAS AXUDAS

- ✓ **400 €** importe máximo da axuda para adquirir o receptor Sat-TDT para **T-fogares de vivenda habitual**.
- ✓ **200 €** importe máximo cada **T-fogar de segunda residencia**.

INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCÍONS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 15 de febreiro de 2024
O ALCALDE
Asdo. Miguel González Piñeiro
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

